

Expediente núm.: 461/2022

Actividade: Nomeamentos

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Reserva 2022 - 2023

Categoría: Operario de servizos varios

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. Tramitouse o correspondente expediente para a Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 – 2023, na categoría profesional de “Operario de servizos varios”, para a cobertura de postos de traballo cando as necesidades do servizo así o requiran, segundo establece o artigo 10 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023.
2. Con data 23.02.2022 o Tribunal cualificador estende acta definitiva que eleva ao órgano competente coa proposta de contratación para a categoría referida.
3. Con data 24.02.2022, esta Alcaldía dita Resolución aprobando as listas definitivas de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador na dita categoría, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 – 2023, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.
4. Con data 25.02.2022, o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento das persoas que integran a lista de aspirantes recollida na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0158 de data 24.02.2022. Deixando constancia de que a contratación temporal non poderá superar, en ningún caso, a vixencia da Bolsa de emprego (artigo 13 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023), sendo a vixencia máxima da Bolsa ata o 31 de decembro de 2023.

A contratación levarase a cabo a través dun contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo, coa cláusula específica de interinidade (código contrato 410) cando sexa o caso, segundo o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Se ben, a modalidade de contratación rexerese pola normativa legal ou convencional vixente na data en que se formalice dita contratación.

A entrada en vigor do Real Decreto – lei 32 / 2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, prevé un réxime transitorio (disposición transitoria cuarta) aplicable ós contratos de duración determinada celebrados desde o 31 de decembro de 2021 ata o 30 de marzo de 2022:

“Os contratos para obra e servizo determinado e os contratos eventuais por circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, celebrados desde o 31 de decembro de 2021 ata o 30 de marzo de 2022, rexeranse pola normativa legal ou convencional vixente na data en que se concertaron e a súa duración non poderá ser

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)

ALCALDE
de Santiago, 28/02/2022
HASH: 900db7f07ca7c635b9a866defc658e3



JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)

SECRETARIO - INTERVENTOR
de Santiago, 28/02/2022
HASH: 98655207e6e65514c6a9a4c21851e1618



RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2022-0179 Data: 28/02/2022



Cod. Validación: 4W9YJL47MTXPR4HKWDDCRPTH | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5

superior a seis meses."

Estes contratos rematarán na data que se indique no clausulado do contrato de traballo e non poderán ser prorrogables.

5. A Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0158 de data 24.02.2022, establece o que copiado literalmente di:

"Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal e creación dunha Bolsa de reserva para os anos 2022 - 2023, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.

Lista de aspirantes por orde de puntuación obtida:

	APellidos e Nome	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAPACIDADE	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	TOTAL MÉRITOS	PROBA DE COÑECEMENTOS			PROBA LINGUA GALEGA	TOTAL PUNTOS
									Test	Suposto práctico	Total		
1	Gómez Rodríguez José Antonio	5800	Non	-	5,00	2,00	0,00	7,00	5,40	6,00	11,40	APTO	18,40
2	Rodríguez Suárez Santiago	5644	Si	-	3,06	1,00	0,50	4,56	5,40	6,00	11,40	-	15,96
3	Penedo Pérez Ramón Enrique	7193k	Si	-	5,00	0,50	0,50	6,00	4,80	5,00	9,80	-	15,80
4	De Alonzo Gómez Elidio	6710k	Si	-	5,00	0,80	1,00	6,80	3,00	5,60	8,60	-	15,40
5	Rodríguez Alvar Eduardo	2974	si	-	5,00	1,90	1,00	7,90	3,60	3,80	7,40	-	15,30
6	Fomoso Iglesias Natalia	9326	Si	-	4,23	1,80	1,00	7,03	3,60	4,60	8,20	-	15,23
7	Bermúdez González Alejandro	9080	Si	-	5,00	2,00	0,50	7,50	3,60	4,10	7,70	-	15,20
8	Parada Mojón Jonathan	9815	Si	-	3,00	1,30	1,00	5,30	5,40	4,00	9,40	-	14,70
9	Padrón Gómez Pablo	4887k	Si	-	5,00	1,30	0,50	6,80	3,00	3,80	6,80	-	13,60
10	Pereira Fernández Raquel	2776	Si	-	5,00	0,10	0,50	5,60	4,20	3,40	7,60	-	13,20
11	Borrap Rodríguez Julio	6744	Si	-	3,50	2,00	0,50	6,00	3,00	3,70	6,70	-	12,70
12	Batán Dopezo Javier	4055	Non	-	4,08	0,20	0,00	4,28	4,20	3,70	7,90	APTO	12,18
13	Gómez Martínez Javier	6467	Non	-	2,78	0,50	0,00	3,28	4,20	4,60	8,80	APTO	12,08
14	Abad Blanco Teófilo	5377	Non	-	2,17	2,00	0,00	4,17	3,00	4,60	7,60	APTO	11,77
15	Dopazo Fernández Jesús	2860	Non	-	5,00	0,10	0,00	5,10	3,00	3,10	6,10	APTO	11,20
16	Díaz Barroso David	6062	Si	-	0,71	0,50	0,50	1,71	3,60	5,70	9,30	-	11,01
17	Vázquez Pérez José	5776	Non	-	2,30	0,40	0,00	2,70	3,60	4,70	8,30	APTO	11,00
18	Toboadá Gavilanes Noé	5593	Si	-	0,20	0,50	0,50	1,20	3,60	4,70	8,30	-	9,50
19	Fernández Márquez Máximo	5990	Si	-	0,81	0,50	0,50	1,81	3,60	3,70	7,30	-	9,11
20	Guade do Huelto José Antonio	8511	Si	-	0,00	0,00	0,50	0,50	4,20	4,30	8,50	-	9,00
21	Pérez Blanco Baltasara	9936	Si	-	0,05	1,00	1,00	2,05	3,60	3,10	6,70	-	8,75
22	Dolgado Nieto Juan	4705	Si	-	0,69	0,50	0,50	1,69	3,00	3,50	6,50	-	8,19

Visto a tramitación do expediente e o Informe emitido polo Departamento de Persoal nos que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir un/ha (1) posto de traballo na categoría profesional de "Operario de servizos varios", mediante o chamamento de aspirantes ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á contratación do/a seguinte aspirante proposto polo Tribunal cualificador para o posto de traballo de "Operario de servizos varios" e que figura na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0158 de data 24.02.2022 por orde de puntuación:



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

- José Antonio Gómez Rodríguez, con DNI núm. 5800

Segundo.- Contratar ó/á antedito/a aspirante con data de inicio do contrato 01 de marzo de 2022, indicando que a dita contratación temporal ten por obxecto prestar os servizos relacionados coas competencias mínimas establecidas no artigo 26 da LBRL.

Terceiro.- Cumprir co disposto na disposición transitoria cuarta do Real Decreto – lei 32 / 2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, en canto á duración máxima dos contratos de duración determinada celebrados desde o 31 de decembro de 2021 ata o 30 de marzo de 2022.

A duración desta contratación non poderá ser superior a seis meses, e non será prorrogable.

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, grupo V, en réxime de dedicación a tempo completo, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Quinto.- O custo salarial dun/ha (1) "Operario de servizos varios", con contrato de obra ou servizos determinado, afectaría á aplicación orzamentaria 1532.131.22 da área / departamento: (15) Pavimentación vías públicas, nas contías mensuais seguintes (parte proporcional das pagas extras incluída na retribución mensual):

CATEGORIA	Operario de servizos varios
Nº traballadores	1
Tipo de contrato	Contrato de traballo por Obra ou servizo determinado
Xornada	100.00%
CNAE-Ocupación	8411 / D
Retribucións brutas / Mes (incl. p.p.p.e.)	1.348,85 €
S.S. Empresa /Mes	509,87 €
TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR	1.858,72 €

Os anteditos custes salariais consideran o incremento retributivo do 2,00 % sobre as retribucións do ano 2021, aprobado pola Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 (BOE núm. 312 do mércores 29 de decembro de 2021).

Sexto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022 – 2023 (artigo 15):





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAPACIDADE	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	PROBA DE COÑECEMENTOS		PROBA LINGUA GALEGA	TOTAL PUNTOS
								Test	Suposto práctico		
1	Rodríguez Suárez Santiago	5644	Si	-	3,06	1,00	0,50	5,40	6,00	-	15,96
2	Penedo Pérez Ramón Enrique	7193	Si	-	5,00	0,50	0,50	4,80	5,00	-	15,80
3	De Alonso Gómez Eldio	6710	Si	-	5,00	0,80	1,00	3,00	5,60	-	15,40
4	Rodríguez Alvar Eduardo	2974	si	-	5,00	1,90	1,00	3,60	3,80	-	15,30
5	Fomoso Iglesias Natalia	9326	Si	-	4,23	1,60	1,00	3,60	4,60	-	15,23
6	Bernúdez González Alejandro	9080	Si	-	5,00	2,00	0,50	3,60	4,10	-	15,20
7	Parada Moñón Jonathan	9815	Si	-	3,00	1,30	1,00	5,40	4,00	-	14,70
8	Padrón Gómez Pablo	4887	Si	-	5,00	1,30	0,50	3,00	3,80	-	13,60
9	Pereira Fernández Raquel	2776	Si	-	5,00	0,10	0,50	4,20	3,40	-	13,20
10	Borrajó Rodríguez Julio	6744	Si	-	3,50	2,00	0,50	3,00	3,70	-	12,70
11	Batán Dopazo Javier	4055	Non	-	4,08	0,20	0,00	4,20	3,70	APTO	12,18
12	Gómez Martínez Javier	6467	Non	-	2,78	0,50	0,00	4,20	4,60	APTO	12,08
13	Abad Blanco Teófilo	3377	Non	-	2,17	2,00	0,00	3,00	4,60	APTO	11,77
14	Dopazo Fernández Jesús	2860	Non	-	5,00	0,10	0,00	3,00	3,10	APTO	11,20
15	Dibuja Barroso David	6062	Si	-	0,71	0,50	0,50	3,60	5,70	-	11,01
16	Vázquez Pérez José	5776	Non	-	2,30	0,40	0,00	3,60	4,70	APTO	11,00
17	Taboada Gavilanes Noé	5593	Si	-	0,20	0,50	0,50	3,60	4,70	-	9,50
18	Fernández Márquez Máximo	5990	Si	-	0,81	0,50	0,50	3,60	3,70	-	9,11
19	Guede del Huerto José Antonio	9511	Si	-	0,00	0,00	0,50	4,20	4,30	-	9,00
20	Pérez Blanco Baltasara	9936	Si	-	0,05	1,00	1,00	3,60	3,10	-	8,75
21	Delgado Nieto Juan	4705	Si	-	0,69	0,50	0,50	3,00	3,50	-	8,19

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Sétimo.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concelloperreiro.com).

Oitavo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Noveno.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2022-0179 Data: 28/02/2022



Cod. Validación: 4YW9YJL47MTXPR4HKWDDCRPTH | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5